



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

DECRETO DA ALCALDÍA 251/2016

Asunto: Convocatoria
ÓRGANO COLEXIADO: Pleno
Nº SESIÓN: 7/2016
CARÁCTER: Extraordinaria (luns 29 de agosto de 2016 ás 10:00 horas)

En uso da atribución que me conferen os artigos 21.1.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 82.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e logo de ver a e necesidade de resolver os asuntos que se tratarán nos prazos esixidos nos respectivos expedientes (singularmente, no texto vixente do artigo 26.4 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e para posibilitar a notificación das correspondentes designacións no prazo de tres días establecido no artigo 27.2 da devandita norma), **convoco sesión extraordinaria do Pleno para o luns 29 de agosto de 2016, ás 10:00 horas** (ou dous días hábiles despois á mesma hora en segunda convocatoria, en caso de non existir o quórum esixido na primeira) **no Salón de sesións da Casa do Concello** coa seguinte

ORDE DO DÍA

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior (nº 6/2016, ordinaria, do 28 de xullo de 2016).
- 2.-Sorteo para a designación dos/as membros das mesas que haberán de actuar nas eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016 (artigo 26 da Lei Orgánica 5/1985, do réxime electoral xeral).
- 3.- Proposta de acordos en relación ao proxecto modificado de "Reurbanización e mellora da seguridade vial na DP1704, PK 10+480 ao 11+310", esixidos polas bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para executar os proxectos que se incluírán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015.

Notifíquese a presente resolución aos/ás Sres/as. Concelleiros/as membros do órgano convocado , advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/86 do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

Póñase a disposición dos/as Sres/as. Concelleiros/as a documentación dos asuntos incluídos na orde do día na Secretaría do Concello (titular ou accidental) a partires da notificación da convocatoria.

Carral, 25 de agosto de 2016

O ALCALDE

José Luis Fernández Mouríño

Visto o decreto
O SECRETARIO

Diego García Doval

